









Reclamante: 

Expediente. Nº RSCTG 89/2021

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas ás reclamacións presentadas por 
, mediante escrito do 6 de maio de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xuño de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. 
 presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 6 de maio de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural con data 4 de marzo de 2022, de acceso á información pública relativa aos traballos forestais realizados en zonas protexidas do xacemento Castro de Illade, en Xove (Lugo), (expedientes, tramitados polo Servizo de Montes de Lugo: 


O escrito veu acompañado de copia da solicitude presentada con sinatura electrónica de asociación, e do DNI do representante.

Segundo. Con data 11 de maio de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Rural para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de maio de 2022.

Terceiro.- Con data do 21 de xuño de 2022, a Consellería de Medio Rural remite Informe do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal de data 16 de xuño de 2022 e copia do expediente da solicitude de acceso á información pública.

No informe faise constar que con data do 24 de maio de 2022, a Xefatura de Medio Rural de Lugo emite resolución de acceso a información pública resolvendo estimar a solicitude e facilitando copia de tres dos expedientes aos que se refire aquela, previa ocultación dos datos relativos á persoa física (titular do aproveitamento) que aparecen neles. Con data do 10 de xuño de 2022, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal detecta erros na resolución remitida, polo que con data do 15 de xuño de 2022, emítense nova resolución pola Xefatura Territorial que estima a solicitude de acceso e facilita copia dos expedientes (salvo os expedientes [REDACTED] que non se corresponden con números de expedientes relativos á tramitación de solicitudes de autorización, declaracións responsables ou comunicación de aproveitamentos madeireiros tramitados no Servizo de Montes de Lugo aos que se refire aquela, previa ocultación dos datos relativos á persoa física (titular do aproveitamento) que aparece nela, e que se remiten á [REDACTED]

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Medio Rural ditou resolución expresa unha vez que a [REDACTED] tiña presentada reclamación ante esta Comisión, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A [REDACTED] interesada solicitou acceso á información pública relativa aos traballos forestais realizados en zonas protexidas dun xacemento que identifica cos seus números de expediente.

A Consellería de Medio Rural non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero ditou resolución expresa que notificou ao interesado con posterioridade a que este presentase reclamación ante esta Comisión, facilitándoselle o acceso á información.

Antes de entrar no fondo do asunto, debe examinarse a posible existencia dun vicio de forma na resolución da solicitude de acceso á información. De conformidade co establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, no ámbito da Administración autonómica a competencia para a resolución das solicitudes de acceso á información corresponde á persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, da Dirección Xeral ou da Delegación Territorial.

No presente caso, ditáronse resolucións no expediente pola Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Rural, sen que nas mesmas se faga referencia á existencia de dunha

delegación de competencias nesa xefatura, tal e como esixe o artigo 40.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, polo que debe considerarse que a dita resolución foi ditada por órgano que carece de competencias.

De conformidade co disposto no artigo 119.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo, ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poida acordarse a validación de actuacións polo órgano competente para iso, de conformidade co establecido no artigo 52.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

ACORDA

Único: Declarar a non conformidade a dereito e instar la retroacción do expediente de acceso á información presentado con data do 6 de maio de 2022 por [REDACTED] ao trámite anterior á resolución ditada no mesmo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.07.07 14:19:58 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.